

O exame consta de **4 preguntas de resposta obrigatoria**, de 2,5 puntos cada unha, das que a segunda, a terceira e a cuarta teñen posibilidade de elección entre apartados. En todas as preguntas a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos elaborados, así como a súa presentación, terá unha valoración de **0,5 puntos**.

TEXTO

Non é a primeira vez. Hai cousa dun ano xa escoitei como Boyero se incomodaba co acento galego, e lembro que o locutor da radio se decatara do que o crítico viña de dicir e o avisaba para que recollese as súas palabras ou, cando menos, as matizase cunha rectificación en directo, pero el, con esa chulería lenta e un chisco macarrónica, teimaba no agravio amosando unha vez máis que non era quen de admitir esa complexidade que trae a diversidade lingüística, o mesmo que lle acontece cun **certo** tipo de cine exótico que moitos amamos e el despreza. Mais isto xa é cuestión de gustos. O acento non. Detrás do acento ferve en moita xente un complexo latente durante séculos e séculos de inxurias e sufrimento, e non só para os **galegos**, pero tamén hai unha liña de orgullo que nos ata con firmeza ao que somos, coma un primeiro lugar de pertenza. E aí é onde a ofensa a Luís Zahera se volve colectiva. Sería doado, mesmo comprensible, dicir que o actor non lle gusta por ser demasiado histriónico, por exemplo. Pero non. Para Boyero, se non hai humillación non hai diversión nin **polémica**. E el, aínda que non o saiba, arrastra os seus propios prexuízos, que mamou no franquismo e agora cospe con ese ton áspero de ruína melancólica. As palabras adoitan configurar os nosos **desexos**, e estas de Boyero non son palabras travestidas e inxenuas; son a expresión certa dun interese inconsciente para lles pechar a porta a eses galegos que non van servir a Madrid a señoritos coma el, intrusos que talvez non sofren o pracer **vergonzoso** dun acento no que se concentra todo o sentimento dun pobo. Non creo que o crítico rectifique e el seguirá a repetir sen piedade as súas opinións con ese acento un chisco cavernoso, cheo de estropallo e acidez, que, por moito que el pense, non é mellor ca o noso.

Antón Riveiro Coello, "Ofensa colectiva", *La Voz de Galicia*, 11 de outubro de 2024

PREGUNTA 1. COMUNICACIÓN. (2+0,5=2,5 puntos)

Lea atentamente o texto anterior e responda estes dous apartados:

1.1. Realice un resumo do artigo destacando nel as ideas principais. Evite parafrasear o texto, exprésese coas súas palabras. Extensión aproximada: 60 palabras. **(1 punto)**.

1.2. Indique e explique se o texto anterior é descritivo, narrativo ou expositivo-argumentativo. Xustifique a súa resposta con, como mínimo, tres exemplos tirados do texto. Extensión aproximada: 60 palabras. **(1 punto)**

PREGUNTA 2. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA. (2+0,5=2,5 puntos)

Responda dous destes catro apartados:

2.1. Indique se a vogal tónica das seguintes palabras, destacadas en letra grosa no texto, é unha vogal media semiaberta ou semipechada: *certo, galegos, desexos, polémica, vergonzoso*. **(1 punto)**.

2.2. Sinale a que categoría gramatical pertencen as seguintes palabras que aparecen subliñadas no texto: *isto, detrás, durante, onde, ca*. Engada un segundo exemplo de cada tipo extraído tamén do texto. **(1 punto)**.

2.3. Identifique no texto un enunciado concesivo, un disxuntivo, un adversativo e un copulativo. Engada un segundo exemplo de cada tipo, ben tirado do texto ben de colleita propia, que empregue un nexos oracional diferente. **(1 punto)**.

2.4. Sinale os prefixos e sufixos das seguintes palabras e identifique os seus valores: *firmeza, humillación, franquismo, prexuízos, inconsciente*. Indique, para cada caso, outra palabra co mesmo sufixo/prefixo e co mesmo valor. **(1 punto)**.

PREGUNTA 3. A LINGUA E OS SEUS FALANTES. (2+0,5=2,5 puntos)

Responda un destes dous apartados:

3.1. A partir do artigo de Antón Riveiro Coello, escriba un texto de opinión centrado nos prexuízos lingüísticos, especialmente aqueles que teñen que ver coa pronuncia e coa fonética. O texto deberá contar con: breve introdución, corpo de argumentación (dous argumentos como mínimo) e conclusión. Extensión aproximada: 200 palabras. **(2 puntos)**.

3.2. Este relato, titulado “O passsota”, pertence ao libro *Navia, nai* (2005) de Toño Núñez. Indique que variedade dialectal reflicte xustificando a súa adscripción mediante, como mínimo, catro exemplos tirados do relato. A partir desta narración e dos seus trazos dialectais elabore logo un texto expositivo-argumentativo sobre o valor das variedades dialectais das linguas, especialmente da lingua galega. Extensión aproximada: 120 palabras. **(2 puntos)**.

O vrau pasado veu de vacaciois o fillo de Aurora do Pico, Pascual. O Pascual é destes rapaces de agora, moderno, pasota. Unha mañá díxolle súa avoa: “Oi, Pascualín, vaille botar unha presada de verzas ós cochos”. “Paso Tata, eso es un mal rollo” (...) Pola tardiña arriba, o Pascual ergueuse de debaixo da figueira que hai tras da casa e foi ata a cociña. “Tata, tengo hambre: vete a buscarme un chourizo de eses guai que tienes en el horro”. A avoa mirouol con muita cachaza mentras abaneaba a cabeza (...) e espetoulle: “Sabes que che digo, pavilón? Que paso... E tu segue a pasar... fame”.

Toño Núñez, “O passsota”, *Navia, nai* (2005)

PREGUNTA 4. EDUCACIÓN LITERARIA. (2+0,5=2,5 puntos)

Responda un destes dous apartados:

4.1. Este fragmento pertence á novela de Vicente Risco, *O porco de pé* (1928). Relacione o texto, sucintamente, coa súa época e co seu autor. Comente, brevemente, o tema central do fragmento explicándoo a partir de exemplos tirados do texto e sinale os principais recursos empregados na caracterización do personaxe protagonista. Extensión aproximada: 200 palabras. **(2 puntos)**.

Na posguerra, D. Celidonio ascendeu de porco a marrán e chegou a Alcalde. A parenta inflou coma o fol da gaita. Agora é presidente da Xuntanza Cidadá e de Outras Sociedades. A parenta botou abrigo de chinchilla e petit-gris. Fixeron casa nova e teñen outro automóbil. Aínda podían ter máis. (...)

Don Celidonio é gordo e artrítico. O carrolo sáelle para fóra; na calva ten unha que outra serda; ten as fazulas hipertrofiadas, da cor do magro do xamón, e tan lustrosas, que semella que botan unto derretido; as nádegas e o bandullo vánselle un pouco para baixo.

O lardo rezúmalle por todo o corpo, e no verán súao en regueiros aceitosos e en pingotas bastas, coma as que deitan os chourizos cando están no fumeiro.

Así como é graxento o corpo, tamén o miolo de D. Celidonio. Se lle escachasen a testa, que tiña que ser con pau-ferro e picaraña, en lugar dunha sesada había atopar un unto. Corpo e alma, tanto ten, todo é graxa e manteiga. Don Celidonio é igual por dentro ca por fóra: carne e espírito son a mesma zorza, mesturada e revolta, co mesmo adubo de ourego e pemento.

Vicente Risco, *O porco de pé* (1928)

4.2. Este poema de Xohana Torres pertence ao libro *Tempos de ría* (1992). Relacione o texto, sucintamente, coa poesía do momento e coa escrita da autora. Indique o tema principal e xustifíqueo a partir de exemplos tirados do texto. Analice o sentido e a importancia dos elementos da mitoloxía clásica grecolatina presentes no poema. Extensión aproximada: 200 palabras. **(2 puntos)**.

DECLARA o oráculo:

«QUE á banda do solpor é mar de mortos,
incerta, última luz, non terás medo.

QUE ramos de loureiro erguen rapazas.

QUE cor malva se decide o acio.

QUE acades disas patrias a vindima.

QUE amaine o vento, beberás o viño.

QUE sereas sen voz a vela embaten.

QUE un sumario de xerfa polos cons.”

Así falou Penélope:

“Existe a maxia e pode ser de todos.

¿A que tanto novelo e tanta historia?

EU TAMÉN NAVEGAR»

Xohana Torres, *Tempos de ría* (1992)